

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/20

**CENTRO: CEIP CANOSA-RUS**

**NIVEL: 4º de Educación Infantil**

**DATA: 08/05/20**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

No apartado das directrices específicas por ensinanzas que se establece nas instrucións nas que nos estamos a basear para a elaboración deste documento, na etapa de Educación Infantil contempla que: *“os criterios de avaliación nesta etapa flexibilizaranse atendendo (...) á consecución dos obxectivos de etapa”*. É por isto que no seguinte cadro, contemplamos os criterios de avaliación que serán reforzados, repasados e ampliados no 3º trimestre.

A educación infantil caracterízase por ser unha etapa globalizada na que se traballan os obxectivos xerais ao longo dos tres cursos que a conforma, por tal motivo, garantíase a consecución de todos eles ao final da etapa. Así mesmo, presentamos esta táboa para que vexades que seguiremos traballando todos os obxectivos da etapa dentro desta situación excepcional.

### 1. Aprendizajes e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Obxectivo de etapa co que se relaciona
Recoñecer e identificar o propio corpo e as súas partes.	Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respetar as diferenzas.
Identificar as percepcións e sensacións a través do sentidos.	
Coordinar o propio corpo e as súas posibilidades motrices	Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
Desenvolver unha autoestima positiva e integrar progresivamente autonomía nas actividades diarias	Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
Identificar os diferentes obxectos así coma as súas propiedades e calidades.	Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
Recoñecer e valorar a identidade cultural propia e allea.	

Utilizar a serie numérica para clasificar, ordenar e identificar os elementos da Realidade	Iniciarse nas habilidades lóxico- matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
Identificar as figuras xeométricas básicas	
Amosar interese pola lingua escrita	
Gozar coa escoita e lectura de textos literarios	
Utilizar a lingua oral para comunicarse en diferentes situacións.	Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
Expresarse e comunicarse a través das diferentes linguaxes artísticas, audiovisuais S e TIC.	Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e comunicación.

<b>2. Avaliación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <p>Para o seguimento da aprendizaxe a distancia utilizaremos a recollida sistemática do traballo do alumnado (mediante aplicacións telemáticas) e a observación posterior para a súa valoración.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Os instrumentos de avaliación empregados serán a recollida e observación das tarefas feitas polos nenos/as, o rexistro das mesmas mediante unha lista de control e a constatación, a través dunha comunicación frecuente coas familias, das dúbidas que lles poidan xurdir sobre o traballo solicitado.</p>
<b>Avaliación final</b>	<p>A avaliación na etapa de Educación Infantil é global, continua e formativa, polo que terá en conta os progresos alcanzados polo alumnado ata o momento da declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, e o carácter diagnóstico que lle estamos a asignar á labor educativa dende o momento de entrada en vigor deste decreto.</p> <p>Por medio dos procedementos e instrumentos comentados anteriormente, valoraremos de modo individual o punto de evolución de cada alumno/a de cara á consecución dos obxectivos da etapa.</p>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>As actividades que se propoñen semanalmente expóñense na páxina web do centro, en diferentes entradas por nivel e especialidades.</p> <p>Cólgase un documento en pdf e todos se poden consultar aquí:</p> <p><a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcanosarus/">https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcanosarus/</a></p>

<p><b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b></p>	<p>Dende o comezo do confinamento 0 13 de Marzo coa declaración do estado de alarma, as propostas plantexadas aos nenos/as parten dun enfoque globalizador e lúdico dándolle moita importancia ao método de Montessori co cal os nenos aprenden mediante experiencias da vida práctica empregando materiais do entorno ou de reciclaxe reforzando así contidos vistos anteriormente en forma de xogo. Tamén ao longo deste tempo nas propostas que programo desempeñan un papel vital as rutinas diarias así como a importancia de propiciar un achegamento dos nenos aos contos como recurso máxico no ámbito da literatura infantil poñendo á disposición das familias diferentes contos cos cales traballamos valores, emocións, hábitos saudables...</p> <p>Se na práctica educativa é esencial a comunicación familia-escola, nesta situación, podese dicir que o seu rol adquire un papel aínda máis destacado do que xa tiñan. Os pais/nais ou titores legais son a canle de comunicación co noso alumnado e actúan como intermediarios nas tarefas que se van propondo. Neste sentido, dicir que para manter unha boa comunicación coas familias do meu alumnado fago uso de abalarMóvil. Por outra banda, como medio de intercambio de experiencias e propostas de aprendizaxe, é importante citar o uso do correo electrónico.</p> <p>Gustariame sinalar ,antes de dar por pechado este apartado, que esta proposta metodolóxica caracterízase por ser aberta e flexible ás necesidades cambiantes tanto dos nenos/as como das familias.</p>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<p>Os materiais e recursos empregados para desempeñar o meu rol como docente nesta situación parten en todo momento da situación na que se atopan as respectivas familias do meu grupo-clase e dos medios que teñan ao seu alcance. Nesta liña, destacamos:</p> <p><b>Humanos:</b> dentro desta dimensión estaríamos facendo alusión ao conxunto de docentes que traballan co grupo-clase de 4º de Educación infantil: titora e especialistas.</p>

**Ambientais:** como ben dixen anteriormente , na proposta metodolóxica que plantexo, os recursos ambientais xogan un papel vital dado que as experiencias que os nenos levan a cabo ( experimentos, traballamos motricidade fina, números, letras ...) son con cousas que eles teñen nas súas casas como poden ser botóns, pinzas, lentellas, macarróns...

**Medios tecnolóxico:** audiovisuais, informáticos, Internet.

#### 4. Información e publicidade

<p><b>Información ao alumnado e ás familias</b></p>	<p>A información contida neste documento será trasladada ás familias por medio da páxina web do centro e por medio dun aviso en abalarMóvil cando esté dispoñible na web.</p> <p>Para calquera dúbida ou aclaración do documento estaremos dispoñibles por medio de correo electrónico, abalarMóvil e, de ser necesario, vía telefónica.</p>
<p><b>Publicidade</b></p>	<p>Publicarásese este documento na páxina web do centro.</p>